

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 16 DE SETEMBRO DO 2021.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten: PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p>
---	---

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:35 do d3a Dezaseis de Setembro do Dous mil vinte e un, re3nense os se3ores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesi3n pola Presidencia, p3sase ao exame, deliberaci3n e votaci3n das propostas incluídas na orde do d3a desta sesi3n, adopt3ndose, por delegaci3n da Alcald3a efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACI3N DAS ACTAS DE SESI3NS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesi3n ordinaria celebrada na data 12/08/2021.

2.- APROBACI3N DO EXPEDIENTE DE CONTRATACI3N DO SERVIZO DE "DIXITALIZACI3N DE DOCUMENTACI3N HIST3RICA DO CONCELLO DE RIBEIRA (SEGUNDA FASE)"

Expediente: 2021/C_SE000007

Visto o expediente que se tramita para contratar o servizo de "DIXITALIZACI3N DE DOCUMENTACI3N HIST3RICA DO CONCELLO DE RIBEIRA (SEGUNDA FASE)".

Este investimento est3 subvencionado pola Axencia para a Modernizaci3n Tecnol3xica de Galicia mediante Resoluci3n de conces3n e denegaci3n de subvenci3n ao abeiro da Resoluci3n do 20 de xullo de 2021 pola que se modifica a Resoluci3n do 27 de febreiro de 2020, pola que se aproban as bases reguladoras para a conces3n de subvenci3ns, en r3xime de concorrencia competitiva, para a dixitalizaci3n do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade da preservaci3n e difusi3n a trav3s de Galici3na-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede 3 s3a segunda convocatoria para os anos 2020-2021, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa



operativo Feder Galicia 2014-2020

ANTECEDENTES DE FEITO:

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación asinada polo arquivado municipal José Antonio Otero Sobrido, na data 09/09/2021 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

2) Informe de insuficiencia de medios asinado polo arquivado municipal José Antonio Otero Sobrido, na data 09/09/2021.

3) Informe referente a non división en lotes do contrato asinado polo arquivado municipal José Antonio Otero Sobrido, na data 09/09/2021, no que informa que non procede a división en lotes do obxecto do contrato segundo o establecido no artigo 99.3.b) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4) Prego de prescricións técnicas asinado polo arquivado municipal José Antonio Otero Sobrido, na data 09/09/2021.

5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 09/09/2021.

6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral en funcións José Martínez de LLano Orosa na data 09/09/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 10/09/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 17 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 13/09/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTACIÓN HISTÓRICA DO CONCELLO DE RIBEIRA (SEGUNDA FASE), cun orzamento total de licitación de 26.469,20 euros (importe base: 21.875,37 euros, IVE 21%: 4.593,83 euros) e un valor estimado do contrato de 21.875,37 euros

O prazo de execución do servizo é de 2 meses e, en todo caso, a execución total dos investimentos levarase a cabo antes do 30 de abril de 2022.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas asinado polo arquivado municipal José Antonio Otero Sobrido, na data 09/09/2021



TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adjudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 09/09/2021.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adjudicación por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adjudicación (prezo máis baixo), por tratarse dun dos supostos recollidos no artigo 159.1 da LCSP

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello.

SEXTO - Conforme establece a cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica a través da plataforma de contratación que se indica no apartado 9) do anexo I (cadro de características do contrato) do Prego de cláusulas administrativas particulares, na dirección https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet.

SÉTIMO.- Segundo establece a cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación estará composta de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa su sesión ordinaria de data 25/06/2018.

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/069

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 07/09/2021 “Decreto: SOLICITUDE DE INFORME PARA RESOLVER O EXPEDIENTE CONTRADITORIO XURDIDO COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA, REFORMULADO”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/109

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/09/2021 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADJUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA ALPENDRE PORTUARIO PARA ZONA ESPERA BUS (RIBEIRA)””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/110

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/09/2021 “Decreto: ADJUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE MADEIRA E PARAFUSOS PARA A RENOVACIÓN DA PASARELA DE COROSO””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/112

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data



09/09/2021 "Decreto: Requerimiento de enmienda de la documentación administrativa presentada en el expediente para la adjudicación del contrato para ejecutar las obras del "PROYECTO DE ACONDICIONAMIENTO DE SENDERO EN EL ARROYO PEDRÍN Y RECUPERACIÓN DE SU ENTORNO EN EL CONCELLO DE RIBEIRA (A CORUÑA)""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/113

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/09/2021 "Decreto: Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN GÁNDARA (ARTES)""

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/114

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/09/2021 "Decreto: Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN SEGO (ARTES)""

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/151

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/09/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS NA RÚA TRANSVERSAL Á AVENIDA RAMIRO CARREGAL (POLÍGONO DE XARÁS)""

10.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA. ACONDICIONAMENTO DE BAIXO PARA USO DE VIVENDA DENTRO DE BLOQUE PLURIFAMILIAR LICENZA Nº 103/2007 E LICENZA PRIMEIRA OCUPACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL 08/07/2010). LUGAR: LUGAR DE CARBALLAL, S/N, BLOQUE 2 B, BAIXO C, PALMEIRA (RIBEIRA). PROMOTOR: CONSTRUCCIONES DOMÍNGUEZ ARIAS E HIJOS SL (CIF B 15496235).

VISTA a solicitude de licenza de primeira ocupación para **CONSTRUCCIONES DOMÍNGUEZ ARIAS E HIJOS S.L. (CIF B.15496235)**, rexistrado de entrada o día 27 de maio de 2021, (Rexistro de entrada nº 8.522), mediante o que se presenta comunicación previa para adecuación de baixo para de uso de vivenda, situada no Lugar de Carballal nº 24, Bloque 2, Palmeira, Ribeira, con ref. catastral nº 15074A036015760024DM nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de día 19 de maio de 2021 redactado polo Sr. D. Emilio J. Domínguez Rodríguez, (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633).

VISTO o escrito presentado pola entidade **CONSTRUCCIONES DOMÍNGUEZ ARIAS E HIJOS S.L.**, (CIF B.15496235), rexistrado de entrada o día 6 de xullo de 2021, (Rexistro de entrada nº 11.901), mediante o que se solicita a licenza de primeira ocupación para vivenda situada no Lugar de Carballal nº 24, Bloque 2, Palmeira, Ribeira, con ref. catastral nº 15074A036015760024DM, presentándose Certificación Final de Obra visada polo o Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e enxeñeiros da Edificación de día 28 de xuño



de 2021, asinado polo Arquitecto Técnico Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez, (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), Fotos Final de Obra con firma dixital de día 6 de xullo de 2021 polo Arquitecto Técnico Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez, (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), Liquidación Final de Obra Executada visada polo o Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e enxeñeiros da Edificación de día 28 de xuño de 2021, Xustificante dá declaración catastral do Modelo 900-D alteración cambio de uso, Documentación xustificativa de posta en funcionamento da instalación de auga.

VISTO o Informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade con sinatura de día 24 de xuño de 2021 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

VISTO o informe emitido en sentido favorable de acordo cos antecedentes anteriores pola enxeñeira municipal con data 9 de xullo de 2021 no que pon de manifesto que realizada a visita de comprobación infórmase que a vivenda existente no Lugar de Carballal nº 24, Bloque 2, Palmeira, Ribeira, con ref catastral nº 15074A036015760024DM axústase á comunicación previa para condicionamento de baixo para uso de vivenda polo que se informa favorablemente a licenza de primeira ocupación.

VISTO o informe favorable emitido polo secretario xeral da Corporación en data 12 de xullo de 2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **CONSTRUCCIONES DOMÍNGUEZ ARIAS E HIJOS S.L.**, (CIF B.15496235), **LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para vivenda situada no Lugar de Carballal nº 24, Bloque 2 B, Baixo C, Palmeira, Ribeira, con ref. catastral nº 15074A036015760024DM, presentándose **Certificación Final de Obra** visada polo o Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e enxeñeiros da Edificación de día 28 de xuño de 2021, asinado polo Arquitecto Técnico Sr. D. Emilio J. Domínguez Rodríguez, (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), **Fotos Final de Obra** con firma dixital de día 6 de xullo de 2021 polo Arquitecto Técnico Sr. D. Emilio J. Domínguez Rodríguez, (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), **Liquidación Final de Obra Executada** visada polo o Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e enxeñeiros da Edificación de día 28 de xuño de 2021, **Xustificante dá declaración catastral do Modelo 900-D** alteración cambio de uso, **Documentación xustificativa de posta en funcionamento da instalación de auga**.

SEGUNDO.- A vivenda emprazada no Baixo C se atopa dentro dun bloque plurifamiliar construído ao abeiro da licenza de obra nº 103/2007 e con licenza de primeira ocupación concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de xullo de 2010 con uso residencial

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en



condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

11.- VAO PERMANENTE. LUGAR DE CAMPOS, Nº 38 (CARREIRA) – José Manuel García Crujeiras

Visto o escrito presentado por **José Manuel García Crujeiras Pérez**, de data 26/08/2021 (Rexistro de entrada nº 14.873), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado no Lugar de Campos, nº 38 (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 06/09/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- 1- Conceder** a **José Manuel García Crujeiras Pérez** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (1,50 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Lugar de Campos, nº 38 (Carreira), sendo necesario o rebaixe do bordillo da beirarrúa, según o sinalado no citado informe policial.
- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*
- 2- Deberá procederse á recolocación da praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida** para un dos estacionamentos contiguos, según o sinalado no citado informe policial.

12.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN - Plan de Sostibilidade Turística Municipal

Vista a proposta da Alcaldía, de data 10/09/2021, relativa á concorrencia á convocatoria extraordinaria da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos da Secretaría de Estado de Turismo (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo); para a cal o Concello de Ribeira vai a presentar un Plan de Sostibilidade Turística Municipal que se levará a cabo en tres anualidades (2022-2023-2024) e consistirá en 27 actuacións cunha inversión total que acende a 9.248.300,00 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar a axuda para o financiamento do “Plan de Sostibilidade Turística Municipal” a través das actuacións arriba descritas.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Administración competente a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



- 5.- Comprometerse a remitir na data correspondente a xustificación da realización dos proxectos e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

13.- SOLICITUDE PRÓRROGA "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POLÍGONO 8 PREVISTO NO PXOM RIBEIRA"

VISTO o aviso de caducidade do informe ambiental estratéxico do Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 8 previsto no PXOM de Ribeira remitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente. (Expte 2015AAE1817).

VISTO que o día 19 de novembro de 2015 a anterior Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu o informe ambiental estratéxico do "**Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 8 previsto no PXOM de Ribeira**", co cal finalizou o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada a que foi sometido, publicándose o devandito informe no DOG do 16 de decembro de 2015.

VISTO que recentemente entrou en vigor a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que establece no seu artigo 35.2.c que o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos desde a súa publicación no DOG. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado de seis anos.

ACREDITADO que o prazo indicado de seis anos remata próximamente e que aínda non se aprobou definitivamente o devandito plan especial,

VISTA a proposta da Alcaldía, de data 14/09/2021, a **Xunta de Goberno Local** que, previa deliberación e exame do expediente da súa razón adopta acordo favorable sobre o seguinte:

Primeiro:-Solicitar de xeito inmediato ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente (Xefatura do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas) unha prórroga de dous anos para a aprobación definitiva do "Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 8 previsto no PXOM de Ribeira" (Expte 2015AAE1817).

Segundo:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/09/2021
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/09/2021 12:20:01

